

## **MOCIÓN DE AER SOBRE AS OBRAS DO AVE NO VAL DE MACEIRAS**

PLENO 5 NOVEMBRO 2013. ACTA 18/2013

### **ANTECEDENTES**

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal AER con número de rexistro xeral 14940 de data 30/11/2013:

“Tódolos grupos aquí representados son coñecedores dos continuos incumprimentos da Declaración de Impacto Ambiental (de agora en diante, DIA), recollida no BOE nº 167 do 14/05/2005, por parte das obras do AVE en todo o noso concello: vertidos aos ríos, rúidos, vibracións, traballos nocturnos, balsas de decantación inexistentes ou insuficientes, contaminación lumínica, localización de vertedoiros e instalacións auxiliares en zonas prioritarias de exclusión como o Val de Maceiras.

Sabemos, ou iso nos contan, que en moitos destes casos o máximo que poden facer é denunciar ante a administración correspondente e esperar que este actúe. Por exemplo, iso é o que nos din no caso dos vertidos os ríos.

Nesta moción queremos tratar un dos problemas que ao noso entender, o Concello si ten potestade sancionadora. Estámonos a referir aos traballos nocturnos no Val do Maceiras.

Dende maio de 2008 producíronse numerosísimas denuncias por parte dos veciños de Negros en relación cos traballos nocturnos. Lembremos que estes traballos están prohibidos na DIA no seu punto 6.6, miremos que di dito punto: *“No podrán realizarse obras ruidosas entre las veintidós y las siete horas en el entorno de los núcleos habitados, pudiéndose variar estos horarios, para ser más restrictivos, cuando existan ordenanzas municipales al respecto”*.

Resulta que neste Concello temos unha ordenanza municipal ao respecto, que é a Ordenanza municipal de protección de medio ambiente contra a contaminación acústica no Concello de Redondela (B.O.P. n.º 146 do 30 de xullo).

O 16 de maio de 2008, a empresa pide autorización ao Concello para poder realizar traballos durante as 24 horas do día, ata novembro de 2010, para non ter que paralizar as obras dos túneles entre as 22:00 e as 8:00, como indica a ordenanza municipal.

O 13 de agosto do 2008 o concelleiro delegado de Medio Ambiente denega a autorización solicitada. Autorización denegada en base a documentación técnica de integración ambiental de dito proxecto de referencia, atendendo a que no mesmo non se contempla a realización de traballos nocturnos, así como a prohibición establecida na ordenanza municipal anteriormente mencionada.

A ordenanza municipal cita como falta moi grave no seu artigo 39 apartado d): “O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente”. “A sanción por falta moi grave pode carrexar multas dende 9.015,19 € ata 60.101,21 €”, artigo 40 apartado c).

Ata o día de hoxe e pese a falta de autorización, seguen a producirse traballos nocturnos no Val do Maceiras. Debido á reiteración desta falta, e tendo en conta todo o anterior, propoñemos ao pleno o seguinte ACORDO:

**Abrir expediente sancionador aos responsables das obras do AVE no Val do Maceiras pola contía máxima correspondente de 60.101,21 €”**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

**O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER ) acorda que se abra un expediente administrativo ao obxecto de determinar a posibilidade de instruír expediente sancionador por a contaminación acústica polos traballos nocturnos nas obras do AVE no Val do Maceiras.**